



XXXVI CARREIRA PELESTRE POPULAR SAN MARTIÑO 2012

Regulamento escolares

- 1.- Esta carreira está reservada para todos os nenos/as nados en 1996 e seguintes que participen de forma individual e para todos os centros escolares, tanto públicos coma privados.
- 2.- A inscrición farase preferentemente a través dos colexios en [www.ourense.es]. De xeito individual, os corredores con DNI inscribiranse a través de [www.ourense.es] e [www.championchipnorte.com] e os corredores sen DNI nas oficinas do Pavillón dos Remedios, C/ Pardo de Cela número 2.
- 3.- Esta proba dará comezo ás 12.30 horas, con saída na Ponte do Milenio e meta na rúa Pardo de Cela. O percorrido será de 4.500m, e discorrerá polas seguintes rúas: Ponte do Milenio, Basilio Álvarez, Avda. das Caldas, Ponte Vella, Progreso, Praza de Pontevedra, Lamas Carvajal, Paseo, Curros Enríquez, Ponte Nova, Ribeira de Canedo, Ponte Vella e Pardo de Cela.
- 4.- Establécense as mesmas categorías para homes e mulleres, son as seguintes:
 - Alevín: Nados en 2002 e 2003
 - Infantil: Nados en 2000 e 2001
 - Cadete: Nados en 1998 e 1999
 - Xuvenil: Nados en 1996 e 1997
- 5.- Estableceranse clasificacións individuais e por colexios
 - Clasificación individual:

Trofeo aos tres primeiros atletas de cada categoría, tanto masculina como feminina.

- Clasificación por colexios:

Premio de 120 € en material deportivo para todos os colexios que presenten un mínimo de 25 deportistas na chegada.

Ademáis, os 6 primeiros colexios clasificados de Primaria e os 6 primeiros colexios clasificados de Secundaria e Bacharelato recibirán premios en material deportivo:

1º 300€, 2º 250€, 3º 200€, 4º 150€, 5º 120€ e 6º 100€.

- Camisetas para todos os participantes que crucen a liña de meta e que entreguen o chip alugado, ata esgotar existencias

6.- No momento de retirar os dorsais, o delegado do colexio, necesariamente un adulto, recibirá as indicacións precisas para o mellor desenvolvemento da proba, debendo recoller e devolver os chips dos seus participantes. Todos os inscritos que participan con chip de aluguer teñen a obriga de devolvelo ao remate da proba.

7.- A proba pedestre para menores, salvo no especificado neste regulamento, rexeráse polo regulamento xeral da XXXVI Carreira Pedestre Popular do San Martiño.

8.- Os adultos que acompañen ós nenos e nenas no percorrido escolar non entrarán na clasificación.

Centro de Información da proba:

Consello Municipal de Deportes

Oficinas do Pavillón dos Remedios

C/ Pardo de Cela número 2, 32003 Ourense

Teléfono: 988 370 539

deportes@ourense.es